

# CASA DA CANCELA



“Ofrecemos un ambiente rural real”

*Jorge García Varela*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Complexo de turismo rural
<b>Sector de actividade</b>	Turismo, hostalaría e restauración
<b>Nº empregados</b>	2
<b>Inversión inicial</b>	132.250 €
<b>Financiación inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado da seguinte forma: As aportacións propias ascenderon aos 24.040 € Pedimos un crédito hipotecario por valor de 108.182 € Ao cabo dun ano de iniciar a nosa actividade, recibemos unha subvención do plano PRODER por importe de 48.081€.
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	Vilamaior, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	1999

## Descrición do proxecto

Trátase dunha casa de turismo rural que ofrece hospedaxe, contacto coa natureza e animais de granxa, elaboración de produtos tipicamente caseiros, rotas de sendeirismo, descensos en canoa e paseos en bicicleta.



## Datos empresa

### Claves do éxito

1. Localización xeográfica. Estamos moi perto do concello de Miño, onde se pode gozar das súas praias en só 15 minutos en automóbil. Moi perto tamén do Parque Natural dos Fragas do Eume e dous núcleos de poboación importantes como son A Coruña e Santiago de Compostela.
2. Ambiente rural "real". A posibilidade de participar na elaboración das comidas, onde todos os alimentos que se consumen son propios da Casa da Cancela.
3. Outros aspectos como son a tranquilidade que se respira, o prezo do servizo e a esmerada atención ao cliente.

### Situación actual

Superamos o escenario optimista que tiñamos previsto ao facer o plano de empresa e conseguimos manernos nesta situación.  
Contratamos un empregado.

### Perfil cliente

Parellas e grupos de amigos de idade comprendida entre 25 e 45 anos, con ou sen fillos, que buscan principalmente tranquilidade e o contacto coa natureza.  
En temporada baixa tento captar outro tipo de cliente, como pode ser a terceira idade, asociacións de nenos con problemas que hai na zona, turistas norteamericanos novos que veñen a aprender o idioma, etc.



## Idea inicial

A idea xurdiu a raíz da posta en venda dunha casa moi próxima á que posúen os meus pais desde hai 17 anos, no municipio coruñés de Vilarmaior.

Decidinme a rehabilitala e convertela en casa de turismo rural, na cal ofrezco hospedaxe, contacto coa natureza e animais de granxa, elaboración de produtos tipicamente caseiros, rotas de sendeirismo, descenso en canoas e paseos en bicicleta.

A decisión tomeina debido á impersonalidade do meu traballo como representante de comercio e á necesidade de establecerme, coa miña muller e os meus dous fillos, nun lugar no que estivesemos en contacto coa natureza, que é unha das nosas afeccións.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Nun principio, o problema foi conseguir o financiamento necesario para desenvolver o meu proxecto. Tamén tiven problemas coa rehabilitación da vivenda, que se atopaba en moi mal estado, e varios problemas cos construtores e co prazo de finalización das obras.

En canto ao futuro, un dos problemas aos que me enfronto é a estacionalidade da demanda. Segundo estatísticas oficiais de TURGALICIA, a ocupación media dunha casa de turismo rural na nosa Comunidade Autónoma está perto dos 100 días ao ano.

Outra ameaza, aínda que menos importante que a anterior, é a posibilidade de que decaía un pouco a "moda" do turismo rural.

## Perfil promotores

Realizou estudos de FP de Técnico Agrícola en Santander e de Enxeñaría Agrícola na cidade de Mérida.

Traballou como monitor de xardinería nunha escola taller en Mérida, foi coordinador na fábrica en Leite Xallas en Santa Comba e responsábel do mantemento dos xardíns do Parque de Santa Cristina durante 3 anos. Traballou ademais 1 ano como representante de comercio.

## Aptitudes necesarias

- Constancia
- Paciencia
- Visión de empresa
- Capacidade de traballo



## Guía de Actividad

**Turismo rural.** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme a o que me gusta**  
**Ser o meu propio xefe**

**A independencia que proporciona**

## Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

O programa Lanza e varios cursiños. Realicei ademais un curso intensivo na Escola de Turismo de Taramundi.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si.

## Anecdotalio

Non dispoñible

